

Nome _____

Data _____

Móvense as fronteiras

Na actualidade, hai no mundo case 200 países. Pero esta cifra non foi sempre igual ao longo da historia.

Se comparamos un mapa de Europa do século xv cun actual, veremos que os límites dos territorios son moi diferentes dos de agora.


As fronteiras poden variar por motivos moi diversos: como consecuencia dunha guerra, pola separación dun territorio, pola herdanza dun rei... Ás veces estes cambios prodúcense de forma violenta, pero outras, non.

Por exemplo, ata 1990 Alemaña estivo dividida en dous países. Nese ano unificáronse, de forma pacífica, e convertéronse na actual Alemaña.

Con todo, na península balcánica (no sueste de Europa) existía ata o ano 1991 un país chamado Iugoslavia. Tras varios anos de guerra civil, fragmentouse dando lugar a sete novos países: Eslovenia, Croacia, Bosnia e Hercegovina, Serbia, Montenegro, Macedonia e Kosovo.

Estes cambios territoriais non só afectan a Europa. Así, a comezos do século XXI formouse un país en Asia, chamado Timor Leste, e no ano 2011 naceu outro novo no continente africano, Sudán do Sur.

E os cambios aínda non terminaron!

**1 Le o texto e contesta.**

- Por que motivos poden cambiar as fronteiras dun país? _____

- Cita o nome dun país que cambiou os seus límites de forma pacífica.

- Que países modificaron as súas fronteiras de forma violenta? _____

- Busca información e explica que é unha guerra civil. _____

2 Compara o mapa da organización territorial de España en 1975 co do teu atlas.



- En cantas rexións estaba dividida España antes de 1975?

- Cantas Comunidades Autónomas ten actualmente España?

- Que Comunidades Autónomas teñen a mesma extensión ca as rexións de 1975?

- E cales diferente? _____

- A que rexión pertencía a nosa Comunidade Autónoma? _____

- Eran Ceuta e Melilla Cidades Autónomas antes de 1975? _____